

## *Ars amandi e vellez: a cencerrada*

XAVIER CASTRO

MAITE BOUZA PÉREZ

Universidade de Santiago de Compostela

### RESUME

A *cencerrada* é un **fenómeno social** que expresa a mobilización do pobo en prol da defensa da moral tradicional. É unha reacción suscitada por un abano de causas relativamente amplo que ten como fin primordial o repudio dos matrimonios entre conxugues de idades desiguais, ós amancebamentos, as infidelidades e calquera outra forma de relación que fose considerada ilícita. Era esta unha forma de **presión moral**, exercida mediante o emprego do **escarnio, que se desenvolvía** tanto en aldeas e vilas como nos barrios –máis ben periféricos– das cidades, e era un feito corrente tanto en Galicia, como en diversas partes de España e no entorno europeo. Trátase dun costume que se remonta a épocas moi recuadas, do que existe constancia xa no século XVII, e que seguíu pervivindo ata practicamente os nosos días, aínda que de xeito menos adoito e cunha tesitura máis atenuada que revela ben a súa **decadencia**.

**Palabras chave:** Cencerrada. Vellez. Matrimonios desiguais. Moral. Control social. Burla.

### ABSTRACT

The *charivari* is a social fact which is talking about a common folk that defends the traditional moral. It's a reaction induced by many causes, frequently allied inwardly but usually is a punishment because of marriages among different age people, the cohabitation, the infidelity and any other relationships which were considered illicit.

It was a way of moral pression realized through the rude give and the damn which is current in village and small rural towns in Galicia and some others places in Spain and in the European environment.

It is this a ancient custom dated beginning with the 17 century. Nowadays is less frequent but the practice continue existing although is in decadence.

**Keywords:** Charivari. Old age. Unequal marriages. Moral. Social control. Gibe.

“Al llegar a la vejez, el corazón quiere ascetismo y calma, aunque a esa edad el erotismo mental sea literalmente escandaloso”<sup>1</sup>.

-A xente que se deixaba levar por cegas paixóns nas *cencerradas* se cadra é merecente da paulina que Cervantes proferiu en “*La ilustre fregona*”: “la mayor bestia del vulgo, por la mayor parte, es mala, maldita y maldiciente”<sup>2</sup>.

### CRONOLOXÍA E IMPLANTACIÓN TERRITORIAL DA *CENCERRADA*

Polo que concerne á cronoloxía histórica, o costume da *cencerrada* remóntase a épocas moi recuadas. Xa no *Don Quijote*, de Cervantes, se fai mención desta tradición. E o *Diccionario de Ayala*, de 1693, alude tamén a ela. A fins do século XIX aparece moi espallada polo conxunto de Galicia<sup>3</sup> e mesmo perdurou nalgunhas localidades deica non hai moitas décadas; pero xa case como unha rareza, e cun perfil desvirtuado. Non era, só como se pode pensar, un fenómeno rural senón que tamén tiña lugar nas vilas e cidades, tales como A Coruña, ou Pontevedra, das que dispoñemos de documentación concreta, nomeadamente nos arrabaldos das mesmas, segundo todo semella indicar<sup>4</sup>.

No século XX hai claros síntomas de devecemento, despois de que a opinión benpensante, máis aberta e liberal, a condenara explicitamente, como amosan as ordenanzas municipais. Foi desaparecendo primeiramente nas urbes, e logo, paseniñamente, en moitas aldeas. Pero, con todo, nalgunhas localidades pequenas persistiu, se ben con algúns riscos desnaturalizados, deica os comezos do século actual.

Tamén se rexistraban *cencerradas* noutras partes de España; así, por exemplo, en Asturias, onde se denominaban *pandorgas* e *lloqueradas*, no País Vasco, onde recibían o cualificativo de *zintzarrotsak* e mesmo semella que se rexistraba este costume na España meridional, aínda que probablemente con menor vigor: Juan Ramón Jiménez menciona con certo detalle este feito na súa obra: *Platero y yo*<sup>5</sup>. A *cencerrada* non deixou de rexistrarse tampouco en Francia, Inglaterra e noutros países europeos. A historiografía que se ocupa do antigo réxime tenlle concedido un papel relevante a este fenómeno histórico:

1 Josep Pla: *Notas para Silvia*, en *Dietarios* (Volumen II. *Notas para Silvia/Notas del Crepúsculo*), Espasa, Madrid, 2002, p. 383.

2 Miguel de Cervantes: *La ilustre fregona*, Planteta-DeAgostini, Barcelona, 2002, p. 468.

3 Existe constancia de que aínda se acostumaban facer en Vilameá, Vilar do Monte, Xunqueira de Ambia e tamén en varias localidades da provincia de Ourense que no se explicitan. *Nacemento, casamento e morte en Galicia. Respostas á enquisa do Ateneo de Madrid (1901-1902)*, Consello da Cultura Galega, A Coruña, 1990, pp. 130-133.

4 *Nacemento, casamento e morte en Galicia*. Consello da Cultura Galega, A Coruña, 1990, p. 133.

5 Juan Ramón Jiménez: *Platero y yo*, Capítulo CIX, Taurus, Madrid, 1982, p. 186.

varias investigacións coinciden en subliñar a relativa centralidade que reviste en orde ó coñecemento da cultura e a mentalidade popular<sup>6</sup>.

Centrarémonos aquí nas *cencerradas* que tiñan lugar en Galicia, onde, certamente, pódese salientar a memorable expresión plástica dunha destas *cencerradas* que foi realizada polo pintor Laxeiro. Impóñense, de entrada, certos distingos conceptuais. Existen certas semellanzas e algunhas concomitancias entre as *cencerradas* e as antroidadas (a intervención festiva, o agochamento do rostro, etc.). No antroido censurábase unha ampla gama de conductas e, entre elas a que serve de pretexto ás *cencerradas*. Na obra de Castelao, *Os vellos non deben de namorarse*, o vello pretendente recibe un aviso para que gardase recato, que resulta ben elocuente a este respecto: «Pois díxome a Micaela que como hoxe é domingo de antroido e a xente anda con contos e marmuracións, que hoxe non apareza pola casa»<sup>7</sup>. Un vello que “non estivera pasado de calores”, podía ser escarnecido, pois, tanto na *cencerrada* como no antroido.

A *cencerrada* ten tamén certo parentesco coa práctica denominada *pago do piso*. A mentalidade localista e endogámica da mocidade, patente en diversas partes de España, plasmábase no rexeitamento que practicaban os mozos dunha localidade cando un rapaz doutra aldea pretendía a unha moza da deles. En tal caso, adoitaba acontecer que os mozos da localidade en cuestión presionaban ó intruso (cunha especie de *cencerrada*, entre outras posibilidades) ata que, ou ben desistía, ou ben os convidaba a unha bebedela de viño. Nisto consistía o pago do piso.

Na *cencerrada* participa unha parte importante da comunidade, intervindo, por activa ou por pasiva, persoas de distinto sexo e idade. En cambio, no pago do piso son unicamente os mozos os que se mobilizan na defensa do seu monopolio do mercado sentimental ou matrimonial. A territorialidade aparece aquí como un factor causal relevante: a protesta se encarreira contra un rival de fora da parroquia ou comunidade. Agora ben, nalgún determinado suposto producíase tamén un certo punto de tanxencia entre ambos tipos de conductas sociais. En efecto, os mozos podíanse converter nos protagonistas primordiais da *cencerrada*. Para iso facían falla que confluíran dous factores: que o galán que lles disputaba (ou «levantaba») a moza fose de fora. E que aínda por riba fose un vello.

No arco das conductas reprobables, a teor da moral social tradicional, inscríbese a *cencerrada* e tamén algunhas outras variantes que se lle asemellan, as veces en versións radicais e violentas, como a que deixou plasmada Valle-Inclán, no remate da súa obra *Divinas palabras*: unha muller adúltera sorprendida *in fraganti* por algunha xente da aldea foi escarnecida por unha turba que a piques estivo de lapidala, de non mediaren as palabras de contención pronunciadas en latín polo sancristán.

6 Jacques Le Goff; Jean-Claude Schmitt (eds.): *Le charivari*, Mouton, París, 1981. E. P. Thompson: *Costumbres en común*, Crítica, Madrid, 1995. Natalie Zemon Davis: *Sociedad y cultura en la Francia moderna*, Crítica, Barcelona, 1993.

7 Alfonso R. Castelao: *Os vellos non deben namorarse*, Galaxia, 1988, Lance III, escena V, p. 60.

## CAUSAS: VELLEZ E VIUVEZ

As *cencerradas* ou chocalladas, tamén denominadas “cornetadas” en Tebra e algunhas outras partes, eran reaccións populares suscitadas por un abano de causas relativamente amplo, nalgúns casos emparentadas unhas coas outras. Entrando a debullar a cuestión, temos que o “Diccionario de Ayala”, de 1693, sinalaba que se facían *cencerradas* contra os que casaban sendo sumamente vellos. Na compilación de costumes populares tradicionais, realizada por Eladio Rodríguez<sup>8</sup>, indicábase que a finalidade desta “festa” nocturna era abouzar con estrondo e pullas un vello, pero nomeadamente cando era viúvo e casaba de novo.

Temos, pois, que a cuestión da avanzada idade do varón que contraía nupcias resultaba decisiva que para se desencadease unha *cencerrada*. Pódese constatar tal feito na peza teatral *Os vellos non deben de namorarse*, obra na que o lance amoroso senil aparece como mortal de necesidade. En efecto, nesta proposta teatral de Castelao alúdese as *cencerradas* cando un dos vellos casa cunha muller nova que deixa postergado o seu pretendente mozo. Daquela, este canta a seguinte copla de inconfundible traza popular<sup>9</sup>: «¡Ela casouse cun vello / non sei qué estaba pensando ! / O vello, funga que funga, / toda a noite está fungando. / Dime casadiña nova / cómo che vai de casada, / o teu home está moi vello, / non che serve para nada. / Anque te vexo casada, / eu non che perdo o cariño, / que vas a quedar viuda / e podo casar contigo»<sup>10</sup>.

Polo demais, convén apuntar que o factor ancianidade adoitaba ir aparelado doutra continxencia, cal era a viuvez. Este miolo da cuestión dábaos a entender así o poeta Juan Ramón Jiménez: “Ya sabes que Doña Camila es tres veces viuda y que tiene sesenta años, y que Satanás, viudo también, aunque una sola vez, ha tenido tiempo de consumir el mosto de setenta vendimias”<sup>11</sup>. Eugenio Noel, nun traballo publicado en *España nervio a nervio*, sinalaba que a cencerrada adoitaba levarse a cabo contra: “Viudo de terceras nupcias que casa con viuda de segundo varón”<sup>12</sup>. Polo demais, “Son poucos os vellos e viúvos que casan que saian dela [da voda] sen unha chocallada”, segundo indicaba un informante de Santa María de Oia en resposta á enquisa do Ateneo de Madrid<sup>13</sup>.

8 “Cornetada”. VV.AA.: *Apéndice*, in Eladio Rodríguez González, *Diccionario enciclopédico gallego-castellano. Apéndice*. T. III, Galaxia, Vigo, 1961, p. 484.

9 A cantiga que reproduce Castelao procede concretamente, en parte, deste cantar: “-Dime, casadiña nova, / cómo che vai de casada. / -Como á criada que serve / e non lle pagan soldada”. Cantiga nº 325. *Cantigas sociais. Recollidas do pobo. Op. cit.*, p. 41.

10 Alfonso R. Castelao: *Os vellos non deben namorarse. Op. cit.*, p. 100.

11 Juan Ramón Jiménez: *Platero y yo*, Capítulo CIX, *Op. cit.*, p. 186.

12 Eugenio Noel: “Nunca segundas partes fueron buenas”, en *España nervio a nervio*, Espasa Calpe, Madrid, 1963 (1ª ed. 1924), p. 45.

13 *Nacemento, casamento e morte en Galicia. Op. cit.*, p. 132.

## DESproporción de idade entre o noivo e a noiva

A *cencerrada* acostumábase a realizar nos casos de acusada desproporción de idade entre o noivo e a noiva, maior aquel case sempre, nin que dicir ten –cosa que seguirá sendo así ata os nosos días, con moi poucas excepcións, como a estimulante salvedade de Juana Ginzo<sup>14</sup>–. Poren, o Dicionario de Ayala, de 1693, menciona asemade a existencia de vencellos matrimoniais entre homes xoves e mulleres vellas, o que confirma que tamén existían, aínda que, con toda probabilidade, nunha medida moito menor.

Delicado problema das parellas disparellas. A literatura preséntanolas sobre todo en situación de desnivel económico, cando a rapaza consegue a recompensa dun bo partido, pero pagando o tributo da súa xuventude (que se podería murchar por iso, segundo unha crenza popular recollida por Pardo Bazán, nun relato), Por vía de exemplo, sábese dun caso, acontecido hai aproximadamente 20 anos, no que se lle organizara a *cencerrada* a un señor viúvo, duns 80 anos, que casara coa criada que traballaba na súa casa, xa en vida da súa muller, e que era moito máis nova ca el<sup>15</sup>. O caso foi aludido nunha copla popular: “Ai!, amigo boca torta, / tes que mandar recado a Montevideu [onde tiña familia] / que mataches á velliña, / por culpa dese valdreu”<sup>16</sup>.

A condea dos matrimonios de idades desiguais era un elemento intrínseco na moral social tradicional (ou, polo menos, algo moi característico do que os códigos penais españois –por exemplo, o de 1870, no artigo 457– denominaban: a “moral pública”), e ademais unha consecuencia probable da competencia entre as idades. En efecto, sancionábase a un viúvo que furtaba a unha moza ós que “naturalmente” lles correspondería en razón da semellanza de idade: os mozos. Pío Baroja refire en *La sensualidad pervertida*, obra de ficción pero con riscos autobiográficos, un feito que pode resultar ilustrativo: o protagonista tiña un tío, xa metido en anos, que, xunto cos seus amigos acostumaban a facer as beiras as rapazas novas do pobo no que habitaban. Dito coas palabras do escritor: “Mi tío, con algunos amigos de su cuerda, viejos eróticos con el cerebro irritado o con la próstata hipertrofiada, perseguían a las muchachas”<sup>17</sup>. En sinal de rexeitamento a xente lles fixo obxecto de varias *cencerradas*, que Baroja denomina “*encerronas*”<sup>18</sup>.

## CONDENA DE MATRIMONIOS PRECIPITADOS (CANDO SE INCLUMPLE A LEI DO LOITO)

Esta manifestación de repudio adoitaba agromar tamén cada e cando se celebraban matrimonios entre viúvos, e tamén no caso de que a viuvez se tivera producido pouco

14 Juana Ginzo: *La pasión de vivir. Con un montón de años*, Temas de Hoy (1ª ed. 2000), 2ª ed., Madrid, 2000.

15 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Avelino. Xa cit.

16 *Ibidem*.

17 Pío Baroja: *Las ciudades. La sensualidad pervertida*, Caro Raggio, Madrid, 1993, p. 47.

18 *Ibidem*.

tempo antes, co conxugue “aínda quente”, segundo a sólita expresión. Segundo a tradición consuetudinaria, era un ano o período de tempo preceptivo para que se estimara como socialmente aceptable o himeneo. Ademais, a lexislación tamén contemplaba a cuestión.

Por certo que, a este respecto, o sexismo –ó que aludiremos máis adiante, en relación con outros aspectos– da lexislación española resulta patente. Así, os códigos penais de 1850<sup>19</sup>, 1870 e 1928<sup>20</sup> sinalaban –no apartado relativo á celebración de matrimonios ilegais– un prazo preceptivo para que unha viuva se puidera volver a casar, que, de contravilo, sería sancionada severamente. En cambio, en relación cos viúvos o código gardaba un elocuente silencio. Velaquí, como mostra, o texto do artigo 490, do código de 1870: “La viuda que se casare ántes de los trescientos un dias desde la muerte de su marido, á ántes de su alumbramiento, si hubiere quedado encinta, incurrirá en las penas de arresto mayor y multa de 125 á 1.250 pesetas”<sup>21</sup>.

Polo demais, por medio de fontes orais coñécese un caso, acontecido hai aproximadamente vintecinco anos, dunha *cencerrada* que se fixera con motivo do matrimonio dunha parella veciña do informante. Neste caso, o contaríante era un viúvo recente que non gardara o ano de loito que o costume establece tanto para o home como para a muller<sup>22</sup>.

## REPUDIO DE VIUVOS QUE CONTRAÍAN SEGUNDAS NUPCIAS

Nunha data tan achegada como é o véspera do ano 2000, unha persoa entrevistada tivo ocasión de acudir a unha *cencerrada* celebrada en Sedes (Narón). A causa da mesma viña dada polo feito de que un home, que enviuvara moitos anos atrás, resolvérase a contraer matrimonio novamente cunha muller 20 anos máis nova que el (el tiña perto de 65 anos e ela arredor de 45)<sup>23</sup>. Semella que puido obrar como circunstancia agravante o feito de que o home era amigo dos pais dela dende había ben anos, e daquela surtiu un efecto moi chocante a ruptura dos códigos xeracionais preestablecidos<sup>24</sup>. Este caso exemplifica outra das etioloxías que con máis frecuencia suscitaban *cencerradas*: o repudio ós viúvos que casaban por segunda vez, que era algo que estaba moi mal considerado, nomea-

19 Art. 400. *Código Penal de 1850*. En Jacobo López Barja de Quiroga; Luis Rodríguez Ramos; Lourdes Ruiz de Gordejuela López: *Códigos Penales españoles. Recopilación y concordancias*, Akal, Madrid, 1988, p. 421.

20 Art. 653. *Código Penal de 1928*. En Jacobo López Barja de Quiroga; Luis Rodríguez Ramos; Lourdes Ruiz de Gordejuela López: *Códigos Penales españoles. Op. cit.*, p. 889.

21 Art. 490. *Código Penal de 1870*. En Jacobo López Barja de Quiroga; Luis Rodríguez Ramos; Lourdes Ruiz de Gordejuela López: *Códigos Penales españoles. Op. cit.*, p. 619.

22 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. Nado en Sedes (Narón) cara 1943.

23 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Raquel. Nada en Sedes (Narón), en 1976.

24 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Raquel. *Xa cit.*

damente cando se trataba de mulleres. Agardábase que a viuva quedara recluída na casa cultivando a memoria do defunto. Un informante, Gerardo, tentaba de xustificala recurriendo a un parangón: “ó igual que noutros lugares se lapidan ás mulleres, nos facíamolle a encerrada”<sup>25</sup>.

### CASTIGO DO NOIVADO EN SEGREDO. AGOCHAMENTO DUNHA RELACIÓN QUE SE DESCUBRE O DÍA DA VODA

Obraba como un factor causal a tentativa de conferir un carácter segredo ó matrimonio, que en ocasións devíña no estímulo primordial para á celebración da *cencerrada*. Segundo un informante: “os xuntamentos eses non eran todos igual. Depende dos que se xuntaran, porque tiña que ter xeito a manobra. Se se xuntaban dúas persoas que se deixan ver, que se ven xuntos (...) non pasa nada. ¡Ai!, pero se non se sabe nada, o día que se sabe que se xuntaran ¡fai frío!; ¡porque de repente non se xunta nadie!”<sup>26</sup>. O segredo con que proceden os conxugues, na procura de sustraerse ás burlas e chismes<sup>27</sup>, podía converterse nun catalizador suplementario que alporizaba aínda máis ós ánimos, cando ó cabo remataba por desvelarse.

En efecto, os amantes, ás veces, casaban silandeiramente na propia parroquia. Unha das maneiras consistía en celebrar a voda moi de madrugada; por exemplo, ás catro da mañá, “como se casou aquí a *Morena* e máis o *Corbado*”<sup>28</sup>. Noutras ocasións mesmo se desprazaban a outra localidade próxima, na desesperada tentativa de esguellar a expresión do rexeitamento. Convén sinalar que as ineludibles amoestacións constituían o máis arduo problema a este respecto porque, obviamente, divulgaban as pretensións dos agoniados contraentes na propia localidade.

Os matrimonios celebrados en segredo representaban unha ocasión perdida de festexo. Xa non había invitacións. Como dicía un informante: as *cencerradas* eran unha especie de vinganza por non ser invitados á voda<sup>29</sup>. Dito isto mesmo coas verbas doutro testemuño: “Antigamente, eu téñolle oído ós vellos,... era con animo de facer festa a un amigo que tiña esa covardía de ser moi vello, ou ser viúvo... (bueno, son cousas de antes da guerra, ¿eh?) ...entonces, ¿qué facían?. Casábanse de noite, e nadie sabía nada e os amigos deles enterábanse dalí a oito días que se casaran e...: -*A mún non me invitaron*”; “-*E a mún tampouco*”. E ¡zuncia!, entón viña aí a festa”<sup>30</sup>.

- 
- 25 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Gerardo. Nado en 1943, no Concello de Narón.  
 26 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Nado en Igrexafeita (Concello de San Sadorniño), en 1938.  
 27 O informante coñeceu un caso de dous veciños que contraeron **matrimonio lonxe do seu pobo** para tentar de evitar ser obxecto de burlas e chismes. Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. Xa cit.  
 28 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Xa cit.  
 29 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. Xa cit.  
 30 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Xa cit.

### OUTRA CAUSA DE *CENCERRADA*: REXEITAMENTO MORAL POR MOR DA INFIDELIDADE

Outra causa de *cencerrada* era o rexeitamento moral por mor da infidelidade, particularmente cando se producía coa agravante do parentesco. Deste xeito, un informante reportou un caso acontecido hai uns 40 anos, no que estivo implicada unha muller que tivera un fillo co marido da súa irmá<sup>31</sup>; este era o cantar que lle dedicaran con tal motivo: “A ti che digo señora, / que teñas moito coidado, / que fuches á Coruña, / parir ó fillo do teu cuñado”<sup>32</sup>. Neste senso, temos constancia de que no Morrazo ás veces se efectuaban *cencerradas* contra das mulleres casadas que non observaban a debida fidelidade. Nalgún caso, levouse a cabo diante da casa dunha muller, tildada de “adúltera”, e de xeito particularmente ferinte: collendo á parella *in fraganti*, quer dicir, aproveitando o momento no que se encontraba na súa casa o “querido”<sup>33</sup>.

Verdadeiramente, para que se desencadeara unha cornetada “non facía falta casarse”; repudiábanse todas as formas de “amoríos raros”, aqueles que “non conxugaban ben”, que se afastaban da norma moral establecida<sup>34</sup>.

### OUTRA CAUSA DE *CENCERRADA*: O AMANCEBAMENTO

Tamén “se disparaban” as chocalladas contra os que “se arrimaban”, “abarragaban” ou mantiñan cohabitación ilícita ou “amancebamento”, que adoitaban sufrir ademais a reprobación dos cregos. A condea destes, que mesmo podía ser proferida dende o púlpito, quer de xeito claro, quer elíptico, supuña un factor concomitante, cando non representaba unha instigación directa para que se emprendese a cornetada.

### CAUSA DE *CENCERRADA*: FALLA DE PAGO DO PISO (CONSEGUIR INVITACIÓN A VIÑO)

Noutra parte deixamos constancia de que cando se suscitaba unha *cencerrada* polas habituais motivacións de disparidade de idades entre os contraentes ou de viuvez, un dos móbiles que animaban ós participantes era a obtención dunha convidada a beber viño. Podemos establecer analiticamente un dobre plano de afectación: o conxunto da comunidade expresa a súa protesta polo quebrantamento dun aspecto da moral tradicional e a mocidade, pola súa banda, ten tamén esta *doleance*, pero ademais como grupo de idade

31 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Avelino. Xa cit.

32 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Avelino. Xa cit.

33 Entrevista realizada por Xavier Castro a Pilar Blanco López. Pilar Blanco López. Xa cit.

34 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Xa cit.

sentíase particularmente prexudicado –diríamos que dobremente prexudicado– pola subtracción dunha compañeira de idade, que lles era “arreatada” por un vello. A invitación a viño compensa ou indemniza dalgún xeito por tal prexuízo a toda a colectividade e con maior razón á mocidade. Agora ben, existe un tipo de reacción a xeito do que *mutatis mutandis* entendemos como *cencerrada* na cal a norma transgredida é someramente diferente: trátase da inobservancia da endogamia. E neste caso, o sector prexudicado é estritamente a mocidade. Nesta orde de cousas, pódese aludir a un tipo de ameaza de *cencerrada*, entendida como xeito de presión para conseguir unha invitación a viño á mocidade (algo semellante ó que no medio urbano se coñece como “despedida de solteiro”) como compensación pola perda dunha moza da localidade que se emparella cun mozo foráneo. E tamén como escarmento, no caso de que o intruso non se aviñera a facer a convidada a viño.

En efecto, a maior abundamento, coñécense cornetadas que expresaban o rexeitamento do intrusismo no noivado. A mentalidade localista e endogámica da mocidade, patente en diversas partes de España, rexeitaba –como xa indicamos– que un mozo oriúndo doutra aldea pretendese a unha rapaza da localidade en cuestión. Consequientemente, promovía unha *cencerrada*, ou presionaba dalgunha outra maneira, ata que o rapaz desistía ou ben invitaba á mocidade a unha bebedela de viño. Denominábase este fenómeno: pago do piso. Vicente Risco sinala que quen non daba esta convidada “exponse á cencerrada, que a veces é cousa seria”<sup>35</sup>. Nicolás Tenorio, pola súa banda, menciona un caso no que non se ofrecera a convidada á mocidade e esta reaccionou coas acostumadas mostras de descontento<sup>36</sup>. En efecto, o mencionado autor recolle en *La aldea gallega*, un caso moi significativo e revelador en relación co comportamento da mocidade prexudicada por un compromiso nupcial cando os contraentes non se aviñan a «pagarlles o piso». Aconteceu que unha noiva de Paradela non ofreceu o albaroque ós demais mozos e, chegado o día do casamento, estes cubriron con espiños o chan da rúa próxima á igrexa, por onde tiña de pasar a comitiva, cravaron un gran poste no chan e penduraron nel cornos de animais, trapos e outros refugallos. E nunha corda que ía dende o pao á parede de enfronte ataron sabandixas, sapos, lagartos, cobras, ratas e outros bechos noxentos, vivos uns e mortos os outros. Este tendido servía de macabro palio baixo do que tivo que discorrer o cortexo nupcial. Ademais, durante a cerimonia queimaron produtos fedorentos. Como o noivo era forasteiro aproveitaron para repetir a proeza dos colgallos nun camiño que conducía a súa aldea. Os mozos non perderon tampouco a ocasión de dar cortexo á cabalgada dos seus invitados que se desprazaba polo camiño, indo paralelamente polo monte facendo soar cornos e dando “arrulos”<sup>37</sup>.

35 Vicente Risco: “Etnografía. Cultura Espiritual”, en Ramón Otero Pedrayo (dir.): *Historia de Galiza*, Volume I. Primeira Parte: A Terra, O Home-I, Editorial Nós, Buenos Aires, 1962, p. 564.

36 Nicolás Tenorio: *La aldea gallega*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1982, pp. 74-75.

37 Nicolás Tenorio: *La aldea gallega*. *Op. cit.*, pp. 74-75.

Nesta orde de cousas, convén referirse á *cencerrada* que lle organizaron ó poeta Antonio Machado tras da celebración da voda, cando se dispuña a coller o tren coa súa xove muller, Leonor. Neste caso sumábase a protesta contra un rival de fora da localidade co feito de que o que lles «levantara» a moza, aínda por riba, non era xa mozo e súa idade superaba con moito á da noiva. En efecto, neste caso, parece ter influído de xeito decisivo tanto a idade de Machado, 34 anos, que dobraba a de Leonor, que só tiña 15, como asemade, tamén, o feito de non ser Antonio Machado natural de Soria, onde encontrara a noiva. Os mozos da localidade foron con meridiana claridade os protagonistas da protesta que tivo lugar no ano 1909. Machado, nunha carta a Guiomar, lle confesaba que a cerimonia fora para el un verdadeiro martirio. A comitiva nupcial partira da casa familia de Leonor, sita na rúa Estudios, e discurrira ata a praza maior, onde estaba a igrexa. O biógrafo sinala a presenza de numerosos curiosos que os ollaban en fita ó seu paso, o que supuxo un suplicio para o poeta. Sen dubida esta sensación de incomodidade debeuse a timidez e a discreción de Machado, moi pouco amigo de exhibicionismos na rúa, e pódemos conxecturar que moi probablemente tamén a posibles alusións sarcásticas que se puideran ter producido ocasionalmente, sen que a crónica as rexistrara. E aínda que non houbera tal, resulta altamente probable que o poeta receara de que tal cousa puidera acontecer, pois, como puxemos en evidencia noutra parte deste traballo, tales manifestación non eran infrecuentes en ditas conxunturas<sup>38</sup>. Se tivo tales presentimentos á noite tivo ocasión de ollar como se plasmaban inequivocamente, a xeito dun aveso sucedido: cando estaban a piques de tomar o tren para Zaragoza, persoáronse na estación algúns mozos que provocaron un incidente. O biógrafo José Luís Cano estima probable que se tratara dunha *cencerrada*<sup>39</sup>.

Situándonos novamente no ámbito de Galicia, sinalemos que, en Cartelle, era usual que o que casaba invitase a algunha cosa –probablemente a viño- ós xoves, o que semella emparentado co que aquí vimos considerando como “pago de piso”. O informante lembraba que, cara a finais da República e nos anos de comezo do franquismo, un home contraviñera tal costume, e daquela os mozos o aflixiran facendo soar cornos a xeito de protesta<sup>40</sup>.

#### OUTRA CAUSA DA *CENCERRADA*: TER UN MOTIVO DE FESTA

Todo parece indicar que a cornetada constituía unha oportunidade para beber, emborracharse e entregarse así con máis paixón á festa, a costa dunha parella de

38 José Luís Cano: *Antonio Machado. Biografía ilustrada*, Destino, Barcelona, 1975, pp. 68-70. Confirma isto a recente obra de Iam Gibson: *Ligero de equipaje. La vida de Antonio Machado*, Punto de Lectura, Madrid, 2007.

39 *Ibidem*, p. 68.

40 Entrevista realizada por Xavier Castro Don José Estévez, profesor de teología en el Seminario y Vicario general de la diócesis de Ourense.

paganos. En moitas delas estaría parcialmente presente este carácter, aínda que non de maneira tan acentuada como nas de intencionalidade de escarneamento político, nas que o candidato vencedor sufragaba o *vinazo*.

Algúns dos informantes afirman que a maioría da xente ía á *cencerrada* só pola festa<sup>41</sup>, aínda que pola nosa banda debemos matizar que había tamén outra clase de motivacións, como tivemos ocasión de apuntar, e esta en realidade era unha motivación máis. Ó propio tempo aproveitábase para dar canle de saída axeitada a algúns efectos colaterais que están presentes en diversas celebracións festivas (como, por exemplo, a sátira das autoridades e veciños que se efectuaba no entroido). Neste senso, os informantes revelan significativamente que algúns participantes aproveitaban a chanza para sacar a relucir desavenencias na comunidade, temas persoais e críticas ás conductas: “que se o teu pai tivo a muller mal atendida, que se ti lle roubaches un cacho de terreo ó veciño...”<sup>42</sup>, etc. Ou tamén para tomarlle ó pelo a outro: -“A ti che digo amiguiña, / sentado nesta escaleira, / quen che fai esta cencerrada, / éche Pepe de Ribeira”<sup>43</sup>. Neste caso, o que tal protagonismo reivindica agocha en realidade a súa verdadeira identidade. Xa que logo, con tal simulación o que fai é poñer nun tronso apurado a outro veciño, ben por malicia, ou ben por broma (que, moito nos tememos, lle tería de parecer pesada).

#### FACTOR DE XÉNERO: SEXISMO

Pódense mencionar tamén algúns factores de xénero, de índole sexista, na práctica que estamos a analizar. O “Diccionario de Ayala”, de 1693, sinala que era usual facer *cencerradas* contra mulleres que, aínda que non chegaran a unha idade propecta, tiveran varios maridos, cousa que non debía de ser infrecuente, pois como proclama un proverbio: “A muller moza e viúva soa pouco dura”<sup>44</sup>. En cambio, o citado diccionario non indicaba que dita actuación contra as mulleres relativamente novas, reincidentes no casorio, se levara a cabo tamén en contra dos homes en análoga circunstancia.

Temos, asemade, constancia, ó traveso dunha información que consignamos con maior amplitude noutro apartado, que en ocasións a xente se asañaba con mulleres que non eran fieis ós seus homes, facendo mesmo por escarmentalas con particular saña (por exemplo, aproveitando para irromper ruidosamente nas inmediacións dos seus domicilios cando se encontraba o seu amante con elas). A análise de diversos testemuños permite colixir que cando se trataba dun home infiel, a conducta observada polos que interviñan na *cencerrada* se atía a unha pauta de maior miramento e consideración. Non existía, xa que logo, paridade a este respecto. Nesta orde de cousas, constitúe un exemplo ilustrati-

41 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Gerardo. Xa cit.

42 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Gerardo. Xa cit.

43 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Lola. Naceu en Pedroso, aldea próxima a Sedes, no ano 1922. O casar pasou a residir en Sedes (Narón).

44 Xesús Ferro Ruibal: *Refraneiro galego básico*, Galaxia (Biblioteca Básica), Vigo, 1987, p. 415.

vo, a xa aludida versión radical de *cencerrada* que mostra Valle-Inclán, en *Divinas palabras*. No transcurso da mesma os participantes permiten a fuxida do mozo sorprendido en plena relación coa muller adúltera, por considerar que só era culpable á muller –Mari-Gaila– e unicamente ela era merecedora de escarnio. Decía unha das participante no acoso: «Que se vaya libre. El hombre hace lo suyo propio. En las mujeres está el miramiento»<sup>45</sup>.

### CENCERRADA POLÍTICA

Pardo Bazán describe en *Los pazos de Ulloa*, un tipo particular de *cencerrada*, que pon en evidencia o feito de que esta clase de comportamentos populares tamén se manifestaban no terreo da política, nomeadamente en tempo de eleccións, como un recurso para escarnecer ó candidato derrotado. En efecto, tras a dura contenda electoral a clientela que dependía do cacique que resultara vencedor acostumaba celebrala alborozadamente. O patrón adoitaba ter a ben convidada cunha xenerosa bebedela de viño. Con arreglo ós feitos relatados pola escritora marinedina, os partidarios do candidato gañador deron así boa conta dunha “redonda corambre” que, na propia casa consistorial, lles brindara a munificencia do secretario municipal, que non era outro que Trampeta. Contentábanse á sazón os electores con viño tinto de produción local, pois aínda descoñecían o “vino que hierve y hace espuma”. Todos bebían en exceso, pois adoitaba ser esta unha ocasión na que se consideraba normal a borracheira. Pardo Bazán describe aquel xentío como una patulea “ebria de algo más de que de triunfo”<sup>46</sup>. Cando a xente xa tivo “exceso de vino en el estómago” resolveuse a escarnecer ós dirixentes do partido rival, que se encontraban naquel intre nunha xuntanza que tiña lugar na casa dun deles. Desencadeouse entón a típica *cencerrada* popular, a cal nos describe a autora deste xeito: “De repente, un espantoso estruendo, formado por los más discordantes y fieros ruidos que pueden desgarrar el tímpano humano, asordó la estancia. Sartenes rascadas con tenedores y cucharas de hierro; tiestos de cocina tocados como címbalos; cacerolas dentro de las cuales se agitaba en vertiginoso remolino un molinillo de batir chocolate; peroles de cobre en que tañían broncas campanadas; fuertes manos de almirez; latas atadas a un cordel y arrastradas por el suelo; trébedes repicadas con varillas de hierro, y por cima de todo la lúgubre y ronca voz del cuerno, la horrenda vociferación de muchas gargantas humanas, con esa cavernosidad que comunica a la laringe” o exceso de alcol. Houbo pois “descompasada gritería” entre os “beodos”, gritos e vivas dados a favor do seu candidato e morras ó do partido contrario, e, nun determinado momento, dous seides de Trampeta, un deles alguacil, encirraron á moitedume para que asaltara a mourada na que

<sup>45</sup> Ramón del Valle-Inclán: *Divinas palabras*, Escena Cuarta, Escelicer, Madrid, 1969, p. 533.

<sup>46</sup> Emilia Pardo Bazán: *Los pazos de Ulloa*, en *Cuentos y novelas de la tierra*. T. II, Sálvora, Santiago, 1984, p. 356.

se encontraban en xuntoiro, e apesadumados, tascando a derrota, os partidarios do cacique rival, con el mesmo ó fronte. Pero "los borrachos, que no por estarlo perdían la cautelosa prudencia, el saludable temor que inspira el cacique al albriego –di a autora–, se hacían los desentendidos, limitándose a berrear, a herir cazos y sartenes con mayor furia", namentras brincaban no centro do corro ós máis "tomados por la bebida", "los verdaderos pellejos"<sup>47</sup>.

### TEMPO DA CENCERRADA

Semella existir unha nidia coincidencia en sinalar que a noite era o momento que se adoitaba escoller para a celebración das *cencerradas*<sup>48</sup>. O *Diccionario de Autoridades*, edicións de 1729 e 1780, indican que se facían pola noite, nomeadamente na de voda. En efecto, en Mogor facíanse pola noite. Con anterioridade ó comezo da *cencerrada* o silencio era case total, polo que o ruído que se armaba escoitábase en todas partes, de xeito que se enteraba todo o mundo, indicaba unha informante<sup>49</sup>. Unha testemuña precisaba un pouco máis, indicando que estas *cencerradas* empezaban aproximadamente ás 11 da noite e acostumaban a durar ata ás 2 ou 3 da mañá<sup>50</sup>. Nas entidades de poboación maiores, como vilas e cidades, tamén era posible que se celebraran antes de anoitecer como reflicten as ordenanzas de Pontevedra<sup>51</sup>.

Agora ben, aínda que o máis habitual era que *cencerrada* principiara na mesma noite da data na que se celebraba a voda<sup>52</sup>, en determinados casos, a *cencerrada* podía ter lugar antes da celebración da voda, probablemente co propósito xa non só de manifestar unha actitude de protesta senón tamén de impedir a súa celebración. Segundo unha resposta dada a enquisa do Ateneo de Madrid (1901-1902), nunha cidade costeira, moi probablemente Vigo, os mariñeiros se tomaron tan a peito o anuncio de matrimonio dun vello cunha moza que, secundados por outras xentes, "nin de día nin de noite deixaron de choquealos", durante os días previos á voda, obrigando ós noivos a permanecer agachados "e saír con tódalas precaucións á rúa para evitaren as chanzas continuas que lles facían na cara"<sup>53</sup>. A presión proseguiu no mesmo día sinalado para a voda, o que constituíu un acontecemento na cidade. Acudiu moita xente á igrexa, continuando as bromas de mal gusto sen que faltaran tampouco os empurróns, que fixeron que a noiva perdese o

47 Emilia Pardo Bazán: *Los pazos de Ulloa*, en *Cuentos y novelas de la tierra*. T. II, Sálvora, Santiago, 1984, pp. 357-358.

48 *Nacemento, casamento e morte en Galicia*. *Op. cit.*, p. 133.

49 Entrevista realizada por Xavier Castro a Pilar Blanco López. Nada en 1965, en Mogor (Marín).

50 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Avelino. Xa cit.

51 *Ordenanzas Municipales. Pontevedra*. 1880. (Manuscritas) Gobernación Municipal. Ordenanzas. Caixa 150, legaxo 4, Sección 6ª, art. 115. AHPP-AMP.

52 Así o testemuña o informante de Carbia. *Nacemento, casamento e morte en Galicia*. *Op. cit.*, p. 131.

53 *Nacemento, casamento e morte en Galicia*. *Op. cit.*, p. 133.

ramo de azar que levaba. E aínda outro informante doutra vila, asemade costeira, precisaba que o acoso podía ser moi intenso: nunha ocasión, a xente mariñeira tomouno moi a peito, e secundada por algunhas outras persoas, nin de día nin de noite deixaron de choquear ós contraentes, ata que casaron, véndose obrigados a permanecer agachados e a saír a rúa con tódalas precaucións para evitar as chanzas continuas que lles facían na cara<sup>54</sup>.

### DURACIÓN DA *CENCERRADA*

A cornetada, como se denominaban no Morrazo, cando tiña lugar na noite da celebración da voda, adoitaba transcender a esa data específica. Configurábase como un ciclo que acostumaba prorrogarse durante nove días, o que coincide cos escarnios de voda. Nisto, e tamén noutras cousas, se advirte o parentesco entre o comportamento popular na *cencerrada* e no cerimonial vexatorio que se exercía contra os infractores do “pago do piso”<sup>55</sup>. Os participantes nesta aguerrida cerimonia popular acudían sen pausa durante todos e cada un dos días que duraba o ciclo, xa foran días laborables nos que tiñan que traballar, xa festivos, ou ben fins de semana de lecer<sup>56</sup>.

En Andalucía, Juan Ramón Jiménez alude a unha *cencerrada* de duración sensiblemente menor: “Tres días, Platero, durará la cencerrada. Luego, cada vecina se irá llevando del altar de la plazoleta, ante el que, alumbradas las imágenes, bailan los borrachos, lo que es suyo. Luego seguirá unas noches más el ruido de los chiquillos. Al fin, sólo quedarán la luna llena y el romance...”<sup>57</sup>.

A duración da cacharreirada podía depender en boa medida do teor da reacción dos agredidos. En efecto, algúns testemuños apuntan que era tradicional que a *cencerrada* se prorrogara durante 9 ou 10<sup>58</sup> días, “pero se había cabreo igual duraba algo máis”<sup>59</sup>. Ou mesmo moito máis. Medida en días... ou mesmo en meses, nalgúns ocasións nas que se encirraban os ánimos. Era moi importante, pois, a reacción da parella afectada. Un informante expresaba esta posible continxencia dun xeito moi expresivo: “se eran un pouco espabilados íanse unha temporada para a casa dos sogros ou dalgún familiar, para non ter que aguantar todo o follón<sup>60</sup>”. Precisemos que para que a fuxida surtira o procurado efecto disuasorio, de xeito que se conxurara o risco de ter que afrontar unha *cencerrada*, cumpría que se ausentaban máis de 10 días a partir da data da celebración da voda, pois se a *cencerraba* non tiña lugar nese prazo xa non se facía<sup>61</sup>. Tamén se podía dar o

54 *Nacemento, casamento e morte en Galicia. Op. cit.*, pp. 132-133.

55 *Nacemento, casamento e morte en Galicia. Op. cit.*, p. 133.

56 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Avelino. Xa cit.

57 Juan Ramón Jiménez: *Platero y yo*, Capítulo CIX, *Op. cit.*, p. 186.

58 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. Xa cit.

59 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Xa cit.

60 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Gerardo. Xa cit.

61 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. Xa cit.

caso de que os afectados tomaran a cousa con bo humor e se mostraran compracentes, co que conseguían reducir a duración da cornetada; como indicaba un testemuño: “(...) outros que eran máis farreros abrían as ventás e encendían as luces e invitaban ó que pasara por alí a tomar un café... Estas non duraban máis de 5 ou 6 días, para cumprir, porque a historia perdía o mérito”<sup>62</sup>. Outro informante indicaba que, en efecto, a duración se reducía a só tres ou catro días, ou mesmo se daban por rematadas, se os afectados reaccionaban ben e invitaban a tomar algo na casa<sup>63</sup>. Lembremos que diversos tipos de *cencerradas* (a motivada polo pago do piso, etc.) cesaban en el momento no que o “homenaxeado” facía unha a convidada a viño<sup>64</sup>.

E aínda se refería un dos informantes a unha terceira índole de reaccións posibles, a hostil, que operaba como un estímulo adicional: “As mellores eran nas que o home saía en calzoncillos cunha fouce berrando: -¡¡¡Voute matar!!!, e chamaba á garda civil”<sup>65</sup>. Temos asemade coñecemento dun caso peculiar que afectou a unha parella de recen casados. Un matrimonio aparentemente normal, pero no que concorría unha circunstancia que podía convertelo en chibo expiatorio: a muller ó enviuvuar casou co irmán do defunto. Nun principio, libráranse da acometida, pero a fatal coincidencia de habitaren ó lado doutra parella que resultou vítima dunha *cencerrada* provocou unha situación equívoca, de franca confusión. O marido que non estaba concernido pensou que a cousa ía con eles e reaccionou con crispación: apareceu diante dos incordiantes armado cunha escopeta coa que disparou ó aire, provocando o pánico e a dispersión. Daquela a xente, dixo: “—A cencerrada non ía contigo, pero agora vas ter cencerrada. ¡Vala ter boa!”. E, en efecto, orgaizaron unha tremenda *cencerrada* contra el, que durou seis meses<sup>66</sup>. Outro dos testemuños recorda que, efectivamente, cando os acosados “picábanse moito” e adoptaban unha actitude moi contraria, a duración da cornetada podía chegar ata ó medio ano<sup>67</sup>.

Un dos testemuños explicaba esta actitude de radicalización popular apuntando que obraba como unha especie de aprendizaxe que hai que facer na vida. A idea de que é necesario transixir, “hai que ter humor”<sup>68</sup>, pois unha persoa que non atura nada “nunca boa é”<sup>69</sup>. Mencionaba asemade a contradicción na que incorrían algunhas persoas que participaban moi contentas nas *cencerradas* que lles facían ós outros, pero que en cambio se anoxaban cando llas incumbía a elas. Non sabían tomar a cousa con sentido do humor<sup>70</sup>.

62 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Gerardo. Xa cit.

63 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. Xa cit.

64 “Cornetada”. VV.AA.: *Apéndice*, in Eladio Rodríguez González, *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. *Op. cit.*, p. 484.

65 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Gerardo. Xa cit.

66 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. Xa cit.

67 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. Xa cit.

68 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Xa cit.

69 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Xa cit.

70 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Xa cit.

As situacións de tensión, ou mesmo francamente violentas, non estaban de ningún xeito excluídas neste tipo de actuacións populares: “Estas chocalladas non sempre acababan en paz, pois moitas veces o mozo ou algún parente pode saír con armas de fogo, da que tamén adoitan leva-los asistentes á chocallada, producíndose barullos que traen malas consecuencias para todos”<sup>71</sup>.

## DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN

Resulta doado de comprender que, dado o carácter das *cencerradas*, a parella que se considerara candidata a ser protagonista dunha delas tratase de evitar por tódolos medios que a noticia do casamento chegase a ouvidos da xente.

Esta era unha das razóns polas que acostumaban contraer matrimonio de noite. Sen embargo, como ben afirma un dos entrevistados: «Sempre hai algunha maniobra para sabelo, porque sempre hai quen vexa»<sup>72</sup>. Así, atopámonos con testemuños que afirmaban que en moitas ocasións era o propio crego (que era chamado para celebrar o casamento a horas algo, ou moi, intempestivas) o que se apresuraba a difundir a noticia alí onde aínda non chegara. Noutros casos o sancristán ou as mulleres que acudían á misa actuaban como vehículo difusor da nova<sup>73</sup>.

En canto se tiña coñecemento da novidade desencadeábase un proceso de transmisión «boca a boca»<sup>74</sup>, e a partir dese momento era posible que xurdira a idea de facer unha cencerrada: «parece que se xuntou fulano con fulana; –ay, sí!, vinos o outro día arriados detrás do hórreo; –eh, ¿haberá cencerrada? Vai haber que irlles tocar»<sup>75</sup>. En efecto, segundo afirma un informante, a *cencerrada* xurdía de forma espontánea por parte dos coñecidos e veciños dos que casaban<sup>76</sup>. Nos ámbitos rurais de sociabilidade masculina habituais, como por exemplo, o bar, aproveitábase para artellar a cornetada. Unha vez barallada a idea, reuníanse todos, organizábanse os grupos e distribuíanse as tarefas<sup>77</sup>.

## ORGANIZACIÓN; SINAIS DE COMEZO

Durante un par de días, dúas ou tres persoas encargábanse de roldar polos arredores da casa para estudar o terreo, os accesos e camiños, co obxectivo de poder escapar

71 *Nacemento, casamento e morte en Galicia. Respostas á enquisa do Ateneo de Madrid (1901-1902)*, Consello da Cultura Galega, A Coruña, 1990, pp. 133.

72 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Xa cit.

73 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Xa cit.

74 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Gerardo. Xa cit.

75 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Gerardo. Xa cit.

76 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Xa cit.

77 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. Nado en Sedes (Narón), a comezos dos anos sesenta.

facilmente no caso de que aparecese a Garda Civil<sup>78</sup>. Un dos informantes aludía á importancia de coñecer ben o terreo e as posibles vías de escape: “antes de facer o mal tes que saber por onde vas saír, tes que saber correr. A desgracia dun ladrón é.... ; o roubar, non, porque iso faino calquera, pero o problema é saber safarse do ladroíllo [latrocinio] que fixo. Ten que haber escapatoria. Se non tes clara a escapatoria non te metas a delito ningún”<sup>79</sup>.

Unha vez acordado o plan de facer unha *cencerrada*, organizábanse en grupos pequenos, para mercalos fogos «porque non [os] ía pagar sempre o mesmo»<sup>80</sup>, e para planificar o plan de actuación, incluída a estratexia de camuflaxe e agocho dos diferentes grupos nos que se distribuían os participantes<sup>81</sup>.

O día da cazarreirada, o primeiro grupo chegaba ó lugar acordado e pouco a pouco ía accedendo o resto da xente. Tomaban posicións nos arredores da casa, agochándose detrás de penedos, das árbores –ou tamén erguidos nas súas polas<sup>82</sup>– ou de calquera outro elemento que fixera de pantalla, procurando non ser recoñecidos. O agochamento resultaba necesario, se o acosador desexaba aforrarse posteriores complicacións: «Ás veces, se o matrimonio recoñecía a algún dos veciños ó día seguinte ía á casa deste a pedirlle explicacións ou, en moitos casos, enfadábanse para sempre»<sup>83</sup>. Cada novo golpe de xente que accedía o lugar de autos testemuñaba primeiramente a súa presenza efectuando unha contrasinal co corno de vaca que levaban, e inmediatamente despois procedían a agocharse no emprazamento previamente asignado<sup>84</sup>. Ademais, de xeito esporádico, algúns integrantes dos diferentes grupos facían sonar os seus cornos para teren todos eles conciencia cabal das hostes coas que contaban. A experiencia nesta actividade facía que moita xente puidera recoñecer a determinados veciños polo son do seu corno.

O verdadeiro contrasinal para o comezo da *cencerrada* viña dada por un foguete que producía un forte estralo<sup>85</sup>, ou ben o mencionado corno pero desta vez emitindo un son máis forte e prolongado, que, como afirma un dos entrevistados: «funcionaba igual que a campá da igrexa cando morre alguén»<sup>86</sup>. Un tipo de corno especial era o chamado “corno de sardiñeiro”, que era considerado un luxo e tiña forma de caracola<sup>87</sup>.

Convén precisar que ademais de cornos se empregaban tamén toda clase de instrumentos horrísonos, tales como: latas de petróleo<sup>88</sup> ou de conservas, bombos, trompetas<sup>89</sup>,

78 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Xa cit.

79 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Xa cit.

80 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Xa cit.

81 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. Xa cit.

82 Entrevista realizada por Xavier Castro a Pilar Blanco López. Xa cit.

83 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Gerardo. Xa cit.

84 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. Xa cit.

85 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. Xa cit.

86 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Gerardo. Xa cit.

87 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Gerardo. Xa cit.

88 *Nacemento, casamento e morte en Galicia. Op. cit.*, p. 131.

89 “Cornetada”. VV.AA.: *Apéndice*, in Eladio Rodríguez González, *Diccionario enciclopédico gallego-castellano. Op. cit.*, p. 484.

naturalmente *cencerros*, morteiros, caldeiros<sup>90</sup> e, en suma, obxectos de ruidosa estridencia, ou, de “infernall barullo”, segundo unha testemuña etnográfica<sup>91</sup>. Como queira que: “non todo o mundo tiña cartos para ter un boi”, era ademais moi común usar unha botella sen fondo. Máis recentemente fíxose patente a utilización de novos aparellos, ós que tempo atrás non se acudía: tixolas (antes, en tempos de escaseza, non se usaban probablemente porque non sobraban e non se quería que se estragasen), potas, chiflos, bucinas de coche e de barco<sup>92</sup>, tambores...<sup>93</sup>. Tamén se usaban ladrillos ou tubos<sup>94</sup>.

En relación coa dinámica da cornetada convén reparar no feito de que entre os diferentes grupos se organizaba unha especie de “regueifas”, mediante o canto de coplas que suscitaban as correspondentes réplicas e contrarréplicas, nas que se criticaba e se sacaban a relucir os “trapos sucios” da parella. Tales coplas consistían en versos maliciosos compostos pola xente que acudía á *cencerrada*, concibidos “a veces con saña<sup>95</sup>”. Segundo todo parece indicar, a xente de mais idade era a verdadeira experta neste tema e, como afirma un dos informantes, non existía ningún tipo de piedade coas vítimas do escarnio: “a cousa era moi forte a veces, pero ¡que non se casaran !. Para ir con sentimentalismos non vou”<sup>96</sup>.

Outro informante salientaba o carácter satírico e mesmo obsceno que revestían por veces as coplas: “cantábamos coplas pero eu non me acordo. Tampouco valen para dicir porque era unha sinvergüencería moi gorda”<sup>97</sup>. Este carácter entre pícaro e groseiro, ou psicalíptico que se dicía antano, mantívose ata a actualidade. Para mostra un botón: «¡Ai, miña amiga Josefa, a ti que che arden as bragas, / tes que dicir a Eduardo, / que vaia a comprar Viagra!»<sup>98</sup>.

Tamén se facían “trasnadas”, como pendurar latas das portas da casa asediada e botar petardos<sup>99</sup>. Todo isto era outra forma máis de divertimento na decurso da *cencerrada* e un incremento da presión destinada a conseguir que o matrimonio se picara, que era “onde estaba a gracia”<sup>100</sup>.

90 Temos unha indicación detallada dos instrumentos de facer barullo na cencerrada no seguinte relato: “Detrás, todos los chiquillos de la calle de Enmedio, de la calle de la Fuente, de la Carretería, de la plazoleta de los Escribanos, del callejón del río Pedro Tello, tocando latas, cencerros, peroles, almireces, gangarros, calderos, en rítmica armonía, en la luna llena de las calles”. Juan Ramón Jiménez: *Platero y yo*, *Op. cit.*, p. 186.

91 “Cornetada”. VV.AA.: *Apéndice*, in Eladio Rodríguez González, *Diccionario enciclopédico gallego-castellano. Apéndice*. T. III. *Op. cit.*, p. 484.

92 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Cristina. Nada en Sedes (concello de Narón), en 1984.

93 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. *Xa cit.*

94 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Gerardo. *Xa cit.*

95 A veces atacaban á anterior parella dos recién casados, que morera recentemente.

96 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. *Xa cit.*

97 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. *Xa cit.*

98 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Cristina. *Xa cit.*

99 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. *Xa cit.*

100 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. *Xa cit.*

Un dos informantes da conta do punto ata onde podían chegar estas bromas: «chegaron a amarrar un cordón á manilla da porta con cacharros para, desde onde estaban eles, axitalo e facer estruendo. Tamén lles tiraron petardos pola chimenea»<sup>101</sup>.

Caro Baroja refire, pola súa banda, que en certas ocasións se representaban accións burlescas, a guisa das teatrais ou parateatrais, que executaba sobre taboados erguidos fronte á casa dos escarnecidos<sup>102</sup>.

Poden ser estes o momentos axeitados para reparar noutra similitude que parece existir entre a *cencerrada* e os *costumes carnavalescos*: a parodia dos cortexos nupciais, nos que se opera a inversión dos rituais eclesiásticos<sup>103</sup>. Podemos dexergar isto na alusión que fai Juan Ramón Jiménez (1881-1958) á procesión de escarnio da parella, na súa obra *Platero y yo*, onde plasma de xeito costumista, peneirado polo lirismo, as súas lembranzas de infancia en Moguer (Huelva) cara a fins do século XIX. O noivo escarnecéuselle por borracho e interesado. Vexamos o texto: “Verdaderamente, Platero, que estaba bien. Doña Camila iba vestida de blanco y rosa, dando lección, con el cartel y el puntero, a un cochinito. Él, Satanás, tenía un pellejo vacío de mosto en una mano y con la otra le sacaba a ella de la faltriquera una bolsa de dinero. Creo que hicieron las figuras Pepe el Pollo y Concha la Mandadera, que se llevó no sé qué ropas viejas de mi casa. Delante iba Pepito el Retratado, vestido de cura, en un burro negro, con un pendón”<sup>104</sup>. Detrás dos figurantes que realizaban a parodia, ía unha procesión de rapaces e nenos facendo bulla e estrondo. Polo demais, en diversas localidades ourensáns facían o último día da *cencerrada* uns bonecos de palla que representaban ós noivos, facendo con eles unha representación satírica do casamento no espazo máis céntrico do lugar<sup>105</sup>.

Por outra banda, semella importante mencionar que os participantes que interviñan na cacharreirada nocturna, ben planificada, como vimos de describir máis arriba, adoitaban ocultar a súa identidade. Deste xeito, acostumaban vestir roupa vella e gorros ou viseras para evitar ser recoñecidos<sup>106</sup>. En Mogor, aproveitaban unha noite na que había néboa<sup>107</sup>. Este encubrimento debíase probablemente ó temor que tiñan diante as posibles represalias do matrimonio. Ademais sentían a necesidade de adoptar cautelas posto que existía o risco de que a familia da parella obxecto de escarnio reaccionase adoptando un papel represor: “os amigos e familiares do matrimonio que estaban en contra da *cencerrada* tocaban tamén o corno para ver a quen pillaban.... había que escaquearse non só dos guardias senón tamén... da pandilla contraria, os que viñan finxindo que eran comati, e era para joderte”<sup>108</sup>.

101 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Avelino. Xa cit.

102 Caro Baroja: “El charivari en España”, *Historia* 16, nº 47, marzo 1980, pp. 54-70.

103 Caro Baroja: “El charivari en España”. *Art. cit.*, p. 66.

104 Juan Ramón Jiménez: *Platero y yo*, Capítulo CIX. *Op. cit.*, p. 186.

105 *Nacemento, casamento e morte en Galicia*. *Op. cit.*, p. 132.

106 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. Xa cit.

107 Entrevista realizada por Xavier Castro a Pilar Blanco López. Pilar Blanco López. Xa cit.

108 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Xa cit.

A cornetada era unha celebración festiva, o que ven a significar que nela o alcol, e nomeadamente o viño, desempeñaba tamén un certo papel. Ou mesmo un papel moi notable. Indubidablemente, o viño contribuía a crear un tono de animación, unha particular atmosfera festiva. Tamén resultaba útil para quentar o corpo, pois era unha celebración nocturna: “Levábamos viño porque de noite e facía moito frío”<sup>109</sup>, declaraba un informante. En efecto, “Levábase augardente, viño...”, pero deixaba claro que o obxectivo non era a bebedela, e ademais “non había cartos coma hoxe para ter viño”<sup>110</sup>. Esta escaseza do viño que aportaban, que presumiblemente sería maior nunhas comarcas que e noutras, segundo foran ou non de produción vitícola, podía remediarse precisamente coa obtención dunha boa convidada a viño por parte do afectado, o cal, como indicamos noutra parte, constitúe unha das metas da *cencerrada*.

Con total claridade, a chocallada constituía unha oportunidade para beber con exceso, poñerse peneques e entregarse así con máis paixón á antroidada... a costa dunha parella de pagáns. En efecto, o viño estaba presente con farta frecuencia nas *chocalladas* desta caste aínda que probablemente non con tanta regalía como nas que posuían intención de escarnecemento político, nas que o partido vencedor sufragaba o *viñazo*.

En Andalucía, aparece ben as claras que algúns dos participantes se embriagaban a base de ben, segundo a mención de Juan Ramón Jiménez<sup>111</sup>.

Convén sinalar, ó cabo, un risco que aparece nalgúns casos determinados: o remedo da liturxia da relixión católica, da que se fai unha oportuna adaptación coa expresa intención de satirizar así máis cumpridamente ó vello, ou ben ós dous membros da parella, ós que se lles fai a caxarreira. En efecto, en Xunqueira de Ambia, culminaban a parafernalia, como traca final, que tiña lugar ó noveno día, cun simulacro de enterro que incluía unha parodia de oración fúnebre a guisa de disparatado sermón<sup>112</sup>. Noutra aldea, en Fradelo, adoitaban facer soar as campás da igrexa tocando a morto no momento en que a voda saía do templo<sup>113</sup>. Nalgunhas outras localidades non se conformaban con iso: deixaban ademais un cadaleito á porta da casa dos receen casados<sup>114</sup>. Logo, durante nove noites seguidas acudían alí os mozos e facían unha parodia de canto de responsos, facendo abanear un cacharro a modo de incensario no que queimaban raspaduras de cornos, de olor repugnante<sup>115</sup>.

Como se pode observar, non é casual que tomaran da liturxia relixiosa precisamente os aspectos referidos á morte. Salientaban así a impropiedade dun rito, como é o da

109 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. Xa cit.

110 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Gerardo. Xa cit.

111 Juan Ramón Jiménez: *Platero y yo*, Capítulo CIX, *Op. cit.*, p. 186.

112 *Nacemento, casamento e morte en Galicia. Op. cit.*, p. 133.

113 Nicolas Tenorio: *La aldea gallega. Op. cit.*, p. 75.

114 Nicolas Tenorio: *La aldea gallega. Op. cit.*, p. 75.

115 Nicolas Tenorio: *La aldea gallega. Op. cit.*, p. 75.

voda, que se consideraba destinado a procreación e, polo tanto a continuidade da vida, cando o realizaban unhas persoas –ou cando menos unha delas– que xa eran anciáns, xa que logo infértiles, e era moito máis probable que morreran axiña, antes que lograsen xerar nova vida.

## DESENVOLVEMENTO E DINÁMICA XERAL

Unha das típicas reaccións dos afectados consistía en encastillarse na casa, pechada a cal e canto, e tomar a cousa con paciencia, namentres fora arreciaba o escarnio: “¡Habrà que oírlo esta noche detrás de los cristales de la casa cerrada, viendo y oyendo su historia y la de su nueva esposa, en efigie y en romance! “, apunta o poeta de Moguer, en *Platero y yo*<sup>116</sup>.

De tódolos xeitos, a reacción das vítimas dependía de diversas variables. Influía, naturalmente, o temperamento, o carácter do suxeito paciente, e dende logo, o maior ou menor grado de encono da actuación da masa popular. Tamén xogaba un papel a virtual predecibilidade da chocallada, que tal vez puidera permitir a parella poñerse a cuberto recurrido a algunha manobra evasiva: “se eran un pouco espabilados íanse unha temporada para a casa dos sogros ou dalgún familiar»<sup>117</sup>.

Agora ben, tentativa de subtraerse á ameaza da chocallada mediante unha prudente fuxida non sempre era unha panacea, sobre todo se había verdadeiras gañas de facer unha chocallada. Como precisaba un informante, a escapada da parella non constituía con seguridade o fin da *cencerrada*: “(...) después nos enteramos de que se fueran de allí, pero la cosa siguió igual”<sup>118</sup>. Este abandono do pobo semella probable que fora polo regular de xeito transitorio, pero non é descartable tampouco que nalgún caso tivera un carácter definitivo. A posibilidade de emigrar a América, estaba sempre aí.

Outra posible reacción do afectado consistía en plantar cara resoltamente á turba-multa dos acosadores, se cadra recadando a axuda de familiares e amigos, e recurrido mesmo a procedementos violentos. Como ilustración da cólera dos agredidos e dos desordes que adoitan representar, pódese traer a colación o testemuño de Vilameá: “Estas chocalladas non sempre acaban en paz, pois moitas veces o mozo ou algún parente pode saír con armas de fogo, das que tamén adoitaban leva-los asistentes á chocallada, producíndose barullos que traen malas consecuencias para todos”<sup>119</sup>. Tamén na *cencerrada* política que nos refire Pardo Bazán, os dirixentes políticos escarnecidos reaccionan violentamente producíndose unha refrega.

116 Juan Ramón Jiménez: *Platero y yo*, Capítulo CIX, *Op. cit.*, p. 186.

117 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Gerardo. *Xa cit.*

118 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Gerardo. *Xa cit.*

119 *Nacemento, casamento e morte en Galicia. Op. cit.*, p. 133.

## SOCIOLOXÍA DA CENCERRADA

En canto á participación da comunidade pódese dicir que esta tiña un carácter xeral, xa que as testemuñas coinciden en afirmar que os que non asistían activamente permanecían no fogar permanecendo á espreita de todo o proceso<sup>120</sup>. Refírese sobre todo ós nenos e as mulleres, posto que non estaba moi ben visto socialmente que estas últimas acudiran ás chocalladas. Algúns nenos achegábanse ata as inmediacións pero permanecendo nun segundo plano<sup>121</sup>. O que adoitaba acontecer era que algún grupo de mulleres se aproximara ó lugar onde se facía, para poder escoitar, ben achantadas, todo o que alí se prefería e cantaba<sup>122</sup>. Poren, hai que recoñecer tamén que algún informante menciona a heteroxeneidade dos grupos que protagonizaban a chocallada, tanto en idade como en sexo<sup>123</sup>, aínda que matiza que a asistencia dos homes era máis común e que tampouco se daba a presenza de nenos pequenos, algo no que coincide cos restantes testemuños<sup>124</sup>.

A categoría social dos afectados non constituía un factor decisivo. Persoas de diferente rango social eran susceptibles de ser obxecto dunha cornetada: «fanlla a traballadores ou a veterinarios», indicaba un informante<sup>125</sup>. Tampouco parece que houbera entre os participantes unha nidia homoxeneidade social: “non íbamos analfabetos solos, iban tamén os señoritos. Para divertirse vale calquera, non fai falta ir á universidade nin unha academia”<sup>126</sup>. Declaraba isto unha persoa entrevistada que, por certo, tivo ocasión de albiscar en varias ocasións a presenza do cura da parroquia en persoa<sup>127</sup>.

Como contrapunto a estas declaracións é mester traer a colación un testemuño achegado pola xa citada enquisa do Ateneo, que viña a aseverar que a opinión máis ilustrada, sensible y respetuosa da privacidade da xente, censuraba e aborrecía as *cencerradas*<sup>128</sup>. Este era o punto de vista dun sector urbano, que acreditaba nas luces da razón e no progreso da ilustración. Foron os seus integrantes quen combateron as *cencerradas* dende a plataforma do poder municipal, contribuíndo, ó cabo, a súa extinción.

Cabe consignar un feito que resulta expresivo do cambio operado no papel social da muller nos últimos anos: produciuse nalgunha medida unha inversión sociolóxica, observándose unha maior participación das mulleres nas chocalladas, ata chegar pasenionalmente a asumir un papel preponderante neste tipo de actividades<sup>129</sup>.

120 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Avelino. Xa cit.

121 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Xa cit.

122 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Lola. Naceu en Pedroso, aldea próxima a Sedes, no ano 1922. O casar pasou a residir en Sedes (Narón).

123 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Xa cit.

124 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. Xa cit.

125 Eugenio Noel: “Nunca segundas partes fueron buenas”, en *España nervio a nervio*, Espasa Calpe, Madrid, 1963 (1ª ed. 1924), p. 45.

126 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Xa cit.

127 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Xa cit.

128 Así lo ponía de manifesto el informante que tenía el Ateneo en Noia. *Nacemento, casamento e morte en Galicia. Op. cit.*, p. 131.

129 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Cristina. Xa cit.

## ACTITUDE DAS AUTORIDADES

A actitude de garda civil ante a práctica da *cencerrada* era de franca tolerancia, namentres que non houbera desordes públicos excesivos, ou mediara denuncia dos prexudicados ou ben dalgúns veciños que, cansos de tanto alboroto, desexaban poder descansar tranquilos: “os veciños eran os que daban parte á garda civil, porque lles quitábase de durmir”<sup>130</sup>. A persoa ou persoas acosadas, tiñan que pensalo ben antes decidirse a chamar a autoridade, posto que daquela o encono dos confabulados na cacharreira sería maior. Así o poñen de manifesto varios testemuños, cos que coincide o de Fernando, quen afirmaba o seguinte: “a gracia está en que se piquen, e se aínda encima chaman á garda civil, peor aínda”<sup>131</sup>. Só en tal suposto acudía a autoridade a acougar os ánimos, ou mesmo a desbaratar o evento. Varios testemuños apuntan que, en efecto, a conducta da garda civil ante o feito da *cencerrada* era de simple trámite. A súa comparecencia presentaba un carácter rutinario, dado que se trataba dunha práctica consuetudinaria que gozaba da aprobación da maioría da poboación, e na que se rexistraba a participación dun segmento importante da mesma. Polo tanto, as denuncias resultaban impopulares, os arrestos moi difíciles de practicar. Ítem máis: para conseguir disolver unha *cencerrada* terían que empregar armas de fogo, posto que carecían doutros instrumentos disuasorios, o que semellaba a todas luces desproporcionado. Pouco podían facer, alén de intimidar nalgunha medida ós participantes. Un informante declaraba que: “os gardas civís andaban polos camiños, pero eu andaba polos carreiros e os gardas non sabían dos carreiros. Bah!, non lles importaba nada, tiñan que vir porque os chamaban”<sup>132</sup>. En efecto, moitas veces, tal e como o evoca Gerardo, “ían pasar a ronda por puro trámite, e pasaban de todo”<sup>133</sup>.

É mester consignar un contraste que se verificaba entre dous espazos diferenciados. Como vimos de indicar, no ámbito da aldea, a complicidade era moi grande; a maior parte da comunidade participaba, en maior ou menor grado na cornetada. Pero as cousas non eran idénticas no mundo urbano, onde había xa un segmento relevante da poboación do barrio que non interviña na mesma. Por conseguinte, a garda civil era consciente de que o máis asisado era facer a vista gorda mentres os participantes non se propasaran no respecto da integridade física das persoas asediadas e, asemade, dos seu domicilios e bens.

Centrándonos no ámbito rural, convén ilustrar a convivencia que se producía entre a xente da aldea, sinalando que nunca faltaba quen dera aviso da inminente chegada das forzas do orde. En ocasións, recorríase con tal fina ó emprego de coplas alusivas cun claro contido de advertencia. Velaquí un exemplo: “Ay, amigos, compañeiros, / tede

130 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Xa cit.

131 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Xa cit.

132 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Xa cit.

133 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Gerardo. Xa cit.

moito coidado, / que veñan pola carretera, / os do gorro atravesado (garda civil)”<sup>134</sup>. Acontecía tamén que cando os gardas se mostraban moi severos e concienzudos, e pretendían deter a algunha xente, tendíasilles emboscadas. A xente que acudía á *cencerrada* coñecía moi ben o terreo, os palleiros para esconderse... así era como os encerraban e “empezábanlle a caer cotellóns dun lado e de outro”<sup>135</sup>.

Polo demais, a estratexia que adoptaban os participantes na cacharreirada adoitaba ser moi previsora e tomaba en consideración a posible intervención da autoridade nalgún momento dado. Deste xeito, a xente se organizaba en varios grupos para facilitar a escapada en canto acudise a Guarda civil a dispersalos e a arrestar a alguén<sup>136</sup>. De modo particular, nas *cencerradas* celebradas en anos recentes, a garda civil puña multas pecuniarias e arrestaba á xente que collía<sup>137</sup>.

No que concirne ó clero convén precisar que, polo xeral, os curas pasaban por alto a *cencerrada*, e tamén consentían na celebración do novo matrimonio, inda que non o vían ven<sup>138</sup>. Moi probablemente, decatábanse de que, ó fin e o cabo, tratábase dun costume social establecido, e a cousa non ía contra os mandamentos nin a relixión. Namentres que os participantes non blasfemaran, claro está.

Temos constancia de que algúns curas practicaban un dobre xogo: prestábanse a casar secretamente a parella controvertida e, en ocasións, tamén avisaban logo ós veciños coa premeditada intención de que se lles fixera obxecto dunha *cencerrada*. Na aldea de Igrexafeita (Concello de San Sadorníño) había un cura, na década dos cincuenta, que tiña o costume de relacionarse cos veciños no bar. Un fregués, comentaba o seguinte: «Este cura que temos é un cachondo pois nos ven avisar»<sup>139</sup>.

A actitude dos concellos foi de completa tolerancia desta forma de expresión popular durante moitos séculos, como o revela o feito de que nas diversas ordenanzas municipais non apareza a condena da mesma. A fins do século dezanove vai aparecendo o rexeitamento por parte das autoridades municipais de tales “excesos”, considerados agora reprobables. Neste movemento de repudio e condena, que semella expresar os valores do segmento máis ilustrado e modernizador da poboación dos municipios, tomaron a iniciativa os concellos das cidades principais, seguidos logo polos das vilas de menor rango. Nos concellos das vilas de reducida poboación endexamais apareceu a condena das *cencerradas*, que se seguiron a practicar, de feito, practicamente ata os nosos días. Así, o axuntamento de Pontevedra prohibiunas «severamente», en 1880<sup>140</sup>. O concello da

134 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Avelino. Xa cit.

135 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Gerardo. Xa cit.

136 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. Xa cit.

137 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. Xa cit.

138 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Gerardo. Xa cit.

139 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Fernando. Xa cit.

140 AHPP-AMP. *Ordenanzas Municipales. Pontevedra*. 1880. (Manuscritas) Gobernación Municipal. Ordenanzas. Caixa 150, legaxo 4, Sección 6ª, art. 115.

Coruña estipulou en 1903 sancións contra: «Los que tomen parte en encerradas ó reuniones tumultuosas con ofensa de alguna persona ó en perjuicio del sosiego público»<sup>141</sup>. Os de Santiago e Ferrol, foron máis remisos, e conseguintemente tardíos, en adoptar actitudes prohibicionistas.

A actitude da corporación municipal, e o que resultaba máis importante, do alcalde, podía depender nunha medida non pequena, da súa ideoloxía e afiliación política, segundo fora máis conservadora ou progresista. Pero tamén dos seus intereses, filias e fobias políticas. A propósito dun caso referido por Eugenio Noel, na súa obra: *Nunca segundas partes fueron buenas*, facíase unha observación moi elocuente a este respecto: “el alcalde está con un cólico de alegría que le atufa: el viudo “cencerrable” es enemigo político suyo”<sup>142</sup>.

Resulta tamén significativo que os concellos tivesen que reiterar a prohibición da *cencerrada* repetidas veces en anos sucesivos, mostra evidente do arraigo con que contaba dita tradición e da conseguinte dificultade de erradicala. Así, o concello pontevedrés reitera novamente a interdición no ano 1922<sup>143</sup>. Semella interesante parar mentes un intre nesta cuestión. Son moi reveladores os argumentos cos que se produce a condena da *cencerrada*. O axuntamento de Pontevedra prohíbeas «severamente», facendo pública explicitación dunha orde de valores, distintas ás populares tradicionais; un código de conducta que fai fincape no respecto dos dereitos da persoa, característicos do individualismo burgués, que son ben distintos dos comunitaristas que informan a cultura popular tradicional. Deste xeito, condenábanse as cornetadas: «por ser tales manifestaciones indignas de un pueblo civilizado y abiertamente contrarias al orden público y al respeto que se debe á todos los ciudadanos»<sup>144</sup>.

Parece evidente que no proceso de desaparición das *cencerradas* influíu a condena e persecución que no século vinte exerceron as autoridades municipais en moitos concellos<sup>145</sup>, como o admitía expresamente algún informante, e que naturalmente revelaba –como xa deixamos dito– o rexeitamento de dito costume por parte do sector máis liberal y modernizador da sociedade.

Os sectores máis ilustrados posicionáronse en contra de tales conductas da plebe aducindo uns argumentos enraizados nunha mentalidade «de modernización dos costumes». Así obraron algúns dos que contribuían a formar opinión por medio das súas

141 Arquivo Municipal de A Coruña. *Ordenanzas municipales de La Coruña*. Capítulo III, art. 40. Aprobadas el 27 de enero de 1903. Est. Tipográfico “La Gutenberg”, La Coruña, 1903, p. 14.

142 Eugenio Noel: “Nunca segundas partes fueron buenas”, en *España nervio a nervio*, Espasa Calpe, Madrid, 1963 (1ª ed. 1924), p. 48.

143 AMPontevedra. *Ordenanzas Municipales del Excmo. Ayuntamiento de Pontevedra*, Tipografía: Joaquín Poza Cobas, Pontevedra, 1922, p. 6.

144 AHPP-AMP. *Ordenanzas Municipales. Pontevedra*. 1880. (Manuscritas) Gobernación Municipal. Ordenanzas. Caixa 150, legaxo 4, Sección 6ª, art. 115.

145 Así o puña de manifesto o informante que tiña o Ateneo en Noia. *Nacemento, casamento e morte en Galicia*. Op. cit., p. 131.

colaboración na prensa. Encontramos un exemplo no xornalista de *Tierra Soriana*, que glosou e condenou a actuación contra o poeta Antonio Machado. Chamoulle ós alborotadores «jóvenes ineducados», que «faltaron al respeto que se debe a todo el mundo», e alegou ademais que tal conducta constituía unha actuación inculta, que «desdice mucho de la indudable cultura de nuestro pueblo»<sup>146</sup>.

### DECADENCIA DA CENCERRADA

No longo proceso de devalo deste costume temos constancia de que nalgunhas partes, a comezos do século XX, determinados observadores constataban tal decadencia. Deste xeito, o informante de que dispuña o Ateneo de Madrid en Setados (Noia) declaraba que percibía indicios de que comezara a súa decadencia. Poren, considerado o feito na escala xeral de toda Galicia, o feito demorou practicamente cen anos en extinguirse por completo. En efecto, o fenómeno das *cencerradas* continuou tendo lugar nunha época moi recente nalgunhas localidades de Galicia; temos constancia, así, da pervivencia deste costume na terra de Trasancos (Narón) mesmos nos nosos días, e na comarca do Morrazo aínda se realizaban hai ben poucos lustros. Sen embargo, debemos sinalar que estas chocalladas sufriron recentemente un devalar que implicou unha diminución da súa frecuencia e que mesmo representou a súa extinción en certas localidades.

Na progresiva decadencia das *cencerradas* influíu a degradación dalgunhas das pautas básicas de conducta que se viñan observando nas cornetadas “de toda a vida”. Un dos informantes, Avelino, refire que el e a xente da súa idade, deixaron de acudir a unha *cencerrada* ás dúas semanas (durou en total máis de dous meses) porque a xente nova facía “moitas maldades” que, segundo a súa opinión, non eran axeitadas nas *cencerradas*. O ambiente chegou a tal punto de crispación que o señor afectado resolveuse a saír cunha escopeta, namentres que a súa dona esgrimía un coitelo, correndo os dous detrás da xente<sup>147</sup>.

Un home que coñeceu ben esta tradición declaraba que nos vellos tempos tiña un carácter máis amable, inducida a xente se cadra “polo mosqueo” de non ser invitados a voda. Daquela, todos se coñecían e o evento adoitaba ser menos crispado ou ferinte<sup>148</sup>. Segundo a percepción de Avelino, nos últimos tempos, os rapaces novos fixeran a *cencerrada* máis forte, con insultos “máis implacables”, e acudindo mesmo a meterse con persoas que vivían noutras partes e non as coñecían<sup>149</sup>. Un dos participantes máis novos, era capaz de facer autocrítica e recoñecer que: “A xente nova íbamos a facer mal. Incluso

146 José Luís Cano: *Antonio Machado. Biografía ilustrada*, Destino, Barcelona, 1975, pp. 69-70.

147 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Avelino. Xa cit.

148 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Avelino. Xa cit.

149 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Avelino. Xa cit.

lles tiramos petardos pola chimenea”<sup>150</sup>. Para a xuventude, estes acontecementos eran festas adiantadas, tanto no verán como no inverno”<sup>151</sup>; e engadía, “no teníamos nada contra ellos, sólo queríamos pasarlo bien”<sup>152</sup>.

En efecto, o carácter das cacharreiradas máis recentes, a diferenza das antigas, era máis de reunión e festa entre veciños, en vez de “vinganza” contra do matrimonio obxecto de controversia: “había gente de fuera de la parroquia que ni siquiera conocía a los de la *cencerrada*”<sup>153</sup>. Outro informante sinalaba que el acudira a moitas *cencerradas*, tanto de xente coñecida como de descoñecidos<sup>154</sup>. Dáballe igual. No transcurso dunha destas chocalladas modernas, sucedeu que: “al principio pensábamos que estaban en casa, después nos enteramos de que se fueran de allí, pero la cosa siguió igual”. Este comentario indica tamén que non trataban de irritar ó matrimonio (importáballes pouco que estivera ou non, o conto era facer festa), algo que era a finalidade primordial nas *cencerradas* clásicas<sup>155</sup>.

Podemos sinalar outros riscos reveladores deste proceso de crecente deterioro desta tradición. Nunha cornetada celebrada recentemente nin sequera houbo preparativos previos. Convocouse na mesma noite, por teléfono<sup>156</sup>. A xente nova non sabían ningunha copla, só as coñecían os maiores<sup>157</sup>. Os participantes xa non se molestaban en disfrazarse: “había gente que iba como disfrazada, para que no la reconocieran, pero la mayoría íbamos con ropa normal”<sup>158</sup>. Tamén nas modernas, en consonancia coas actuais imposicións dos horarios laborais, só se ía á *cencerrada* o fin de semana. Antes celebrábase durante todos os días da semana. Pero, en cambio, podíanse prorrogar máis tempo na madrugada, chegando non como antano so ata as 2 ou 3, senón mesmo ata arredor das 4 ou 5 da mañá<sup>159</sup>. Tamén, nalgúns casos, a duración podía estenderse moito máis do que era habitual no ciclo antigo -unha ou dúas semanas-, chegando a acadar bastantes máis días, ou mesmo un mes e medio ou dous, como temos constancia nalgún caso<sup>160</sup>.

Conforme se foi producindo o proceso de decadencia, o alcohol pasou a ter unha importancia maior. Un home que participou en varias *cencerradas* manifestaba que nas de antes non había o afán de emborracharse, e bebíase pouco. Se cadra levábase una botella de caña para quentar o corpo<sup>161</sup>. Ou ben, botas de viño. En cambio, nas recentes había

150 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. Nado en Sedes (Narón) a comezos dos anos sesenta.

151 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. Xa cit.

152 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Raquel. Xa cit.

153 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Raquel. Xa cit.

154 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. Xa cit.

155 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Raquel. Xa cit.

156 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Cristina. Xa cit.

157 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Cristina. Xa cit.

158 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Raquel. Xa cit.

159 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Raquel. Xa cit.

160 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Raquel. Xa cit.

161 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Juan. Xa cit.

máis alcohol. Mesmo, modernamente (hai uns dez anos) facíanse colectas de cartos para mercar cervexas e viño e beber moito<sup>162</sup>. Significativamente, un dos participantes nalgunhas *cencerradas* recentes, precisaba que: “llevábamos bebida, era máis una carallada que outra cosa”<sup>163</sup>.

---

162 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Raquel. Xa cit.

163 Entrevista realizada por María Teresa Bouza Pérez a Raquel. Xa cit.